

# Introducción

É coñecida por moitos a importancia e relevancia que o sector téxtil e da confección de Galicia ten e mostra tanto dentro do contexto da industria galega como no ámbito do sector da moda no ámbito nacional e internacional. Non en van, é un dos sectores de mellor posicionamento estratéxico no marco da economía galega, cunha importancia crecente no panorama nacional e internacional.

Probablemente asociemos de forma inmediata o téxtil galego a certo número de grandes deseñadores ou grandes empresas comercializadoras, que en certa maneira lideran e abandeiran o potencial de crecemento e desenvolvemento do sector.

Agora ben, falar do téxtil e confección supón, sen dúbida, abordar unha serie de cuestións e aspectos tan variados e de natureza distinta como relevantes e definitorios deste. A conxugación duns e outros revelan as características propias do sector, que pola súa natureza poden ser endóxenas ou esóxenas. Destacar un deles significa orientar o estudo cara a un segmento concreto, participando as demais variables como elementos condicionantes e definitorios dun contexto xenérico no que se desenvolve a actividade propia do téxtil e da confección.

Este é o caso concreto do estudo que a continuación se desenvolve. O seu título, *Estudo de necesidades de formación do sector téxtil e da confección en Galicia*, ilustra a grandes trazos o principal obxectivo do estudo: definir e delimitar as carencias de formación dos traballadores/as do sector en cuestión, proporcionando nun segundo termo unha serie de medidas tendentes a paliar e cubrir esas necesidades formativas.

Son moitos os elementos que dunha ou outra maneira condicionan e caracterizan as necesidades de formación do sector. A súa análise conxunta require segmentalos e distribuílos previamente baseándose nuns criterios comúns. Extráense desta maneira análises parciais que van enriquecendo de forma progresiva o resultado global.

Unha primeira aproximación vén dada, sen dúbida, pola caracterización do sector desde o punto de vista económico e sociolaboral. Unha análise da súa estrutura e da evolución de diferentes variables nos últimos anos debuxan un contexto ou marco xeral que, en maior ou menor medida, permite fixar unha tendencia futura que oriente en certa maneira as carencias formativas neste nos próximos anos. E non só iso, pois en esencia as estruturas produtivas, modelos de organización e relacións sociolaborais virán marcadas en parte por cuestións do ámbito socioeconómico, principalmente daquelas marcadas e establecidas no contexto internacional.

A estrutura produtiva, tanto sectorial como empresarial, é un dos principais aspectos que cómpre considerar nun estudo destas características. Diso extráense tipoloxías de empresas, tamaños empresariais, modelos produtivos e de organización da produción. Sobre eles insírense e defínense as distintas ocupacións ou perfís ocupacionais que se van analizar, a partir dos cales se debuxa a oferta formativa considerada antes.

Metodoloxicamente, tendo en conta o máximo rigor analítico, as carencias formativas extráense da diferenza entre o perfil real (detectado nas distintas empresas do sector) e o perfil ideal (considerado este segundo o desexable, o esixible polas necesidades do sector). Agora ben, son moitos os elementos que definen e caracterizan o perfil dunha ocupación concreta. Ese labor concreto lévanos a elaborar produtos parciais que, unha vez máis, contribúen ao resultado final e enriquecéno.

Un dos principais aspectos que cómpre considerar nun estudo destas características reside na previsión das posibles modificacións que cada unha das variables analizadas poden sufrir ou sofren, tanto nos últimos anos como nun período futuro inmediato. Neste empeño, a tecnoloxía e innovación, entendida esta última nun sentido amplo, son dous factores que se deben considerar obrigatoriamente, e que debuxan ademais as características futuras do propio sector, pois deles van depender o modelo produtivo, as relacións laborais, a tipoloxía de produtos... e, por ende, as necesidades e carencias dos traballadores/as.

Os cambios na tecnoloxía orixinan sempre e en todo momento cambios nas necesidades de formación. Sen lugar a dúbidas, a introdución de nova maquinaria, en calquera das fases do proceso produtivo, crea a necesidade de formar o traballador e actualizalo de forma que se adapte correctamente a esa incorporación. Nun sentido amplo, calquera innovación (produtiva, tecnolóxica, normativa, organizacional...) orixina, da mesma maneira, unha necesidade de adaptación e, xa que logo, de formación.

Estes e outros son os principais elementos que se van analizar para perfilar e delimitar o amplo abano de carencias do sector. Desta maneira, e seguindo unha metodoloxía estrita baseada en análise documental e traballo de campo (con entrevistas a expertos e enquisas ao posto de traballo e mandos intermedios), é posible establecer, buscando sempre o máximo consenso e aprobación do propio sector, as necesidades de formación dos traballadores/as.

Unha segunda parte debuxa e perfila as medidas que se deben tomar para buscar a solución a esas carencias, resolvendo así un dos principais problemas do sector a día de hoxe: ausencia dunha formación adecuada e esixente co que o sector demanda. A súa delimitación e caracterización mantense nuns parámetros mínimos, de maneira que se perciba a simple vista cales son as accións formativas trazadas en cada perfil ocupacional e asociadas a unha carencia concreta. O seu desenvolvemento posterior posibilita, nun segundo traballo, abordar minuciosamente o programa formativo planeado.